



NORMATIVA DE USO DE PORTÁTILES E-DIXGAL

Este documento pretende regular o funcionamento do equipamento da aula EDIXGAL así como as responsabilidades derivadas dun mal uso do material EDIXGAL sen prexuízo do estipulado no decreto 230/2008, do 18 de setembro, polo que se establecen as normas de boas prácticas na utilización dos sistemas de información da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Este equipamento, propiedade da Consellería de Educación, é un instrumento de traballo escolar ao que se ten acceso polo feito da participación do CPI Manuel Suárez Marquier no Proxecto Edixgal que, este ano, comeza en 5.º EP e 1º ESO e que continuará nos vindeiros anos noutras etapas educativas. O alumnado ao que vai dirixido o programa deberá cumprir e respectar en todo momento esta normativa de uso, sabendo que o incumprimento da mesma, suporá, ademais da perda dos privilexios de uso, calquera das sancións mesmo de carácter económico, se chegase o caso.

ASIGNACIÓN DOS PORTÁTILES

A persoa coordinadora do proxecto Edixgal asignará un portátil, un cargador e un maletín a todo o alumnado que participe no proxecto E-Dixgal. Este material estará identificado e será de uso exclusivo por parte do alumno/a.

Cada ordenador portátil ten unha etiqueta co número que lle corresponde a cada alumno/a e que só poderá ser utilizado por dito/a alumno/a e polo tanto, é responsabilidade deste/a alumno/a o coidado e mantemento dese portátil. A etiqueta identificativa non pode ser retirada do equipo por ningunha circunstancia.

Para que o alumnado poida transportar o portátil de casa ao centro, contará cun maletín no que tamén irá un cargador, ambos etiquetados coa mesma numeración que o portátil.

Para que o alumnado poida usar o portátil asignado pola persoa coordinadora, previamente a súa nai/pai/titor legal terá que asinar o Acordo de Cesión de uso do portátil.

Unha vez asignado este material o alumnado e a súa familia serán responsables do mesmo durante todo o curso.

COMO ENTRAN NA PLATAFORMA E-DIXGAL?

- Modo online:

<https://eva.edu.xunta.gal/login/index.php>

O alumnado ten asignado un nome de usuario e un contrasinal que pode ser reseteada polo profesorado no caso que a perda.

Os contrasinais son persoais e intransferibles. Queda totalmente prohibido suplantar a identidade de ningún compañeiro ou compañeira.

- Modo offline

Menú de aplicativos – Educación – EVA offline



COMO TRABALLAN NA CASA?

Se fan os exercicios en casa online (internet) dende outro dispositivo distinto do portátil adxudicado deben desconectarse da plataforma e voltar a conectarse na clase para sincronización dos deberes.

Se fan os exercicios na casa no modo offline (sen internet) deberán sincronizarse ao chegar a aula.

USO DOS ORDENADORES NA AULA E NO CENTRO EDUCATIVO

1. Os equipos serán usados segundo as necesidades metodolóxicas da programación diaria das distintas áreas. É unha ferramenta máis, non a única a empregar polo profesorado. O portátil só será empregado para o traballo relacionado coa actividade educativa proposta. Non poderá usarse para outro tipo de actividades como videoxogos, etc.
2. O alumnado descargará os temas do libro dixital das editoriais seleccionadas polo profesorado, cando o indique o profesorado para o seu uso off-line.
3. En horario escolar os portátiles só sairán da aula cando algún profesor o requira e sempre baixo a súa supervisión.
4. O ordenador non pode ser utilizado no recreo, na biblioteca, nin noutro lugar do centro diferente a aula, sen autorización expresa do profesorado, nin nos intercambios de clase, nin durante recreos e outros tempos de lecer.
5. Antes de comezar a traballar co portátil o alumnado colocarao nun lugar estable a salvo de posibles incidencias como golpes e caídas.
6. Antes de coller o portátil o alumnado deixará as mesas libres de todo obstáculo innecesario. Na mesa só poderá estar o ordenador e no seu caso un caderno. O resto do material escolar deberá estar debaixo da mesa ou na mochila.
7. Cando se estea a traballar co equipo deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.
8. O xeito de coller o ordenador será coas dúas mans e estas deberán estar limpas e libres de obxectos que interfiran na manobra e sen correr para evitar caídas.
9. O profesorado indicará en cada momento cando hai que sacar ou gardar o ordenador en función da actividade a desenvolver. O/A alumno/a non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesorado, unha vez rematada a exposición do traballo que van realizar. O ordenador acéndese, ábrese e péchase á orde do profesorado. O alumnado apagará o ordenador ou baixará a pantalla cando o profesorado llo requira.
10. Cando o/a profesor/a teña que interromper o traballo do alumnado para dar unha explicación baixaranse as tapas dos portátiles sen chegar a pechalos de xeito que estes non entren en estado de suspensión.
11. Cando non se emprega, ten que estar dentro do maletín.



12. Se falta un profesor e deixou tarefa o alumnado poderá empregar o ordenador co profesor de garda. En caso contrario, non.
13. Cando o/a alumno/a teña que ausentarse temporalmente da aula, baixará totalmente a tapa do portátil para evitar posible golpes e aforrar batería.
14. Durante o recreo, os ordenadores deberán de quedar no estoxo (ESO) ou na aula de referencia (EP).
15. Cando haxa que trasladar o portátil polo centro deberá de facerse con todo o coidado posible, evitando correr e procurando levalo ben suxeito, dentro do maletín.
16. Está terminantemente prohibido facer uso da cámara e dos dispositivos multimedia integrados nos portátiles sen permiso explícito do profesorado, especialmente para facer gravacións de son e vídeo e/o sacar fotos. Non se utilizará a webcam salvo expresa indicación do profesorado.
17. O chat da plataforma EVA permanecerá pechado ata que o titor considere oportuno a súa apertura sempre no modo docentes alumnos, nunca entre alumnos de xeito privado. O alumnado non poderá usar a mensaxería de E-dixgal para unha comunicación que non teña unha finalidade académica.
18. Diante de calquera dúbida deberase erguer a man para pedir axuda. En ningún caso se levantarán da mesa co ordenador na man. Sempre será o profesor/a quen acuda xunto ao alumno/a.
19. Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse colléndoo pola base. Se o alumnado ten que mover o portátil coa pantalla aberta, collerao sempre pola base, nunca pola pantalla, xa que é o elemento que antes se deteriora.
20. Nunca deben colocarse obxectos enriba do ordenador, da pantalla ou do teclado. Non se deberá poñer ningún obxecto enriba dos equipos, tanto se están prendidos ou non e evitarase a exposición do portátil ao sol, á humidade e a fontes de calor (por exemplo a carón dun radiador ou no chan). Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil nin cando estea aberta nin cando estea pechada a tapa.
21. Cada alumno é responsable do correcto mantemento do escritorio, carpetas, arquivos, traballos realizados nel, velando pola súa orde e a súa conservación e de apagar correctamente o equipo, así como da súa carga.
22. Cada alumna e alumno será responsable tamén de gardar o traballo e, se é o caso, de apagar correctamente o portátil ao finalizar a clase. Recoméndase mercar un sistema de almacenamento externo portátil (PEN), de uso exclusivo no portátil EDIXGAL para non perder ningún traballo, utilizar unha aplicación de almacenamento na nube ou enviar os traballos ao seu correo electrónico. Cada certo tempo, o alumnado debe facer copia de seguridade nun pendrive de todo o arquivado no portátil, xa que en caso de avaría o ordenador será inicializado totalmente, coa perda dos datos almacenados no disco duro do mesmo.
23. A pantalla é táctil, pode tocarse cos dedos, pero recoméndase o uso dun rato para evitar danos e suciedade nas mesmas. O rato deberao mercar o alumnado e marcalo axeitadamente.



Tamén poden mercarse auriculares de uso persoal. O uso de rato e alfombrilla é de xeito persoal de cada alumno/a e estarán dentro do maletín de cada usuario.

24. O alumnado comprométese a traer o portátil todos os días, estando a batería cargada totalmente, e a non esquecelo en calquera lugar.
25. No caso de que se esgote a batería por non cumprir algunha das normas anteriores o/a alumno/a deberá de continuar a clase sen el. O profesorado poderá excepcionalmente permitir a un alumno/a cargar o seu portátil. Se algún equipo tivera pouca carga, o alumno/a advertirá esta situación ao profesorado, que se o estima oportuno o deixará cargando no carro ou nunha regreta. Os ordenadores teñen que vir cargados da casa. O uso dos armarios cargadores será en situacións ocasionais. COIDADO co conector do cargador, non o dobres! É responsabilidade do alumnado traer o equipo completamente cargado da casa para poder desenvolver as tarefas escolares.
26. Está terminante prohibido durante as clases:
- O uso de calquera aplicación das que están instaladas no ordenador, ou de outras online, sen a autorización explícita por parte do profesorado.
 - Visitar páxinas web diferentes as especificamente autorizadas polo profesorado.
 - Acceder a páxinas de uso persoal ou correo electrónico, sen autorización.
 - Acceso a calquera servizo de chat ou mensaxería.
 - Acceso a redes sociais, sen autorización expresa.

Calquera destas accións terán a consideración de FALTA GRAVE sendo sancionadas como corresponda na aplicación das NOFC.

COIDADOS BÁSICOS DO PORTÁTIL

1. Cando se estea a traballar co equipo deberá de colocarse nun lugar estable a salvo de posibles incidencias: caídas, golpes, evitando caídas de obxectos sobre el e de calquera outra circunstancia na que perigue a integridade física do aparello.
2. Non se pode comer nin beber cando se está a utilizar o portátil. O alumnado debe respectar unha correcta hixiene nas mans.
3. Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse colléndoo pola base coas dúas mans.
4. Evitar a exposición do portátil ao sol, á chuvia e ás fontes de calor; por exemplo, non colocalo a carón dun radiador.

TRANSPORTE DOS ORDENADORES

1. Para levar o ordenador a casa será necesario levalo dentro do maletín proporcionado xunto o equipo ou nunha mochila, e en ningún momento será sacado da mesma durante o tempo de viaxe.



2. Na mochila ou bolsa de transporte non poderán levarse líquidos e/ou alimentos que puideran derramar e estragar o equipo.
3. En prevención dos días de choiva deberán ser tomadas medidas específicas para evitar que os ordenadores poidan mollarse e avariarse.

USO DOS ORDENADORES NA CASA

1. O alumnado e familia é responsable do material entregado. Debe coidarse en todo momento.
2. Os alumnos e as familias comprométense a non esquecer o portátil, non destinar o equipamento a ningún outro uso persoal nin profesional, nin cedelo a terceiras persoas.
3. É responsabilidade do alumno/a traer o ordenador coa batería cargada todos os días, para isto deberá enchufalo á rede eléctrica cada tarde para telo preparado ao día seguinte. O incumprimento de dita obriga, terá a mesma consideración que a de non traer calquera outro material que o profesor requira.
4. Se o alumnado ten internet na casa pode conectar o portátil a súa wifi e traballar online, senón sempre poderá traballar en modo offline coas unidades descargadas de antemán no centro.
5. Se non ten internet traballará en modo offline coas unidades descargadas.
6. O alumnado levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo seu profesorado. Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro.
7. O uso dos ordenadores é exclusivamente académico. Os ordenadores son propiedade do centro e entréganse ao alumnado, única e exclusivamente con fins educativos, polo que calquera manipulación e/ou uso diferentes a estes está totalmente prohibido.
8. Non se pode instalar nin desinstalar ningún programa neles. O alumnado e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. Deberá informarse á titora ou titor do curso de calquera problema observado no equipo no menor prazo posible. Non se poden descargar programas sen a autorización expresa por parte do profesorado.
9. Os ordenadores, ao igual que moito outro equipamento electrónico, non poderá ser exposto a fontes de calor (sol, estufas, radiadores...)
10. Non se comerá nin beberá cando se estean a utilizar os equipos.
11. O ordenador deberá devolverse ao rematar a etapa E-Dixgal, en perfecto estado de funcionamento, e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc. O profesorado e o coordinador E-Dixgal do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado. Cando o equipo sexa recollido rexistrárase que sexa con todos os compoñentes entregados: portátil, cargador e maletín, e sen danos. En caso de perda, a familia aboará o importe correspondente.
12. Durante as vacacións (Nadal, Entroido, Semana Santa), o alumnado poderá dispoñer do portátil no seu domicilio, téndoo preparado para súa incorporación ao centro tras estes períodos.



RECOMENDACIÓNS PARA AS FAMILIAS: Ordenador conectado a internet na casa

1. Non deixe que os rapaces pasen moito tempo ao ordenador xa que o seu abuso pode ser prexudicial para a súa vista. O ordenador é unha ferramenta máis para estudar, posto que terá os apuntes que fará ao longo do curso.
2. Convén establecer unhas normas básicas de navegación por internet: compras, visitar páxinas non desexables, redes sociais. Como titores/pais/nais temos a responsabilidade de saber que tipos de páxinas visitan os nosos rapaces e de facer deles uns adultos dixitalmente competentes e responsables.
3. Nas noticias saen tódolos anos casos sobre o ciberacoso. Convén crear un clima de diálogo cos rapaces para que sintan que poden confiarnos calquera situación na que eles se sintan incómodos.

PROCEDEMENTO DIANTE DUNHA INCIDENCIA

1. En caso de avaría, ou actualización de software é probable que o ordenador se formatee e reinstale de forma automática. Por iso deberase facer sempre que se poida unha copia de seguridade dos contidos do ordenador, de momento nun lapis ou no almacenamento na nube.
2. As avarías ou mal funcionamento que ocorran no uso dos ordenadores na aula serán comunicadas inmediatamente ao profesor/a presente nese momento.

Se a avaría ocorre na casa sendo posible esperar ao día seguinte, entregarse o equipo a primeira hora en conserxería, para a súa revisión polo equipo TIC.

Se dita avaría se produce en fin de semana, ou non é posible esperar ao día seguinte, chamarase o SOPORTE PREMIUM (881 869 900), que dará as instrucións oportunas en función do caso.

3. Calquera avaría significa paralizar a actividade para que o profesor/a presente, nunha primeira instancia, poida valorar a oportunidade de poder seguir utilizando o ordenador ou non.
4. No caso de que o ordenador avariado teña que ser reparado a través do soporte da Consellería, e sempre que sexa posible, será substituído por outro equipo mentres dure a reparación, a través dun novo documento de préstamo.
5. Aconséllase que a familia contrate o seguro SIR (Servizo Integral de Reparación).

Enlace para a contratación: <https://coberturasir.plexus.es/>

Contacto con E-Dixgal Premium

Teléfono: 881 86 99 00

Correo electrónico: soporte.premium@edu.xunta.gal

Código do centro: 36013576



CONSECUENCIAS DO INCUMPRIMENTO DAS NORMAS

1. En tódalas cuestións non recollidas expresamente neste documento, serán de aplicación as normas de réxime interno do centro.
2. O incumprimento das normas de uso do ordenador por parte do alumnado, especialmente cando se poña en risco a integridade do equipo ou se use de xeito inadecuado, pode ocasionar a perda do dereito ao uso do ordenador por un tempo determinado, ou mesmo dependendo da gravidade, de xeito permanente.
3. Polos danos producidos nos equipos por negligencia e/ou mal uso intencionado por parte do alumnado responderá as súas familias (ou titores/as legais), podendo chegado o caso reclamarse o importe económico que supoña a reparación do equipo.
4. Considerase de especial gravidade, a difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á honra, a intimidade persoal e familiar e á propia imaxe dos demais membros da comunidade educativa.

Responsabilidades derivadas do uso do portátil

Son consideradas no relativo a este ámbito dixital faltas contrarias á convivencia as seguintes:

FALTAS DE MAL USO LEVES:

1. Antes de coller o portátil o alumnado deixará as mesas libres de todo obstáculo innecesario.
2. O xeito de coller o ordenador será coas dúas mans e estas deberán estar limpas e libres de obxectos que interfiran na manobra e sen correr para evitar caídas.

As **correccións** para estas faltas de mal uso LEVES serán as seguintes:

- Amoestación oral e retirada do portátil durante o resto da sesión. De repetirse a conduta o alumno comparecerá ante a Xefatura de Estudos.
- A reiteración do citado anteriormente será corrixida co apercibimento por escrito, que figurará na folla de incidencias do seu expediente persoal. O alumno non poderá facer uso do portátil durante tres días lectivos, realizando as actividades escolares con material convencional.

FALTAS DE MAL USO GRAVES:

1. Non se utilizará a webcam salvo expresa indicación do profesorado. O chat da plataforma EVA permanecerá pechado ata que o titor considere oportuno a súa apertura sempre no modo docentes alumnos, nunca entre alumnos de xeito privado.
2. Comer ou beber mentres se está a utilizar o portátil.
3. Poñer obxectos enriba dos equipos, tanto se están prendidos ou non e evitarase a exposición do portátil ao sol, á humidade e a fontes de calor (por exemplo a carón dun radiador ou no chan).
4. A pantalla non se pode tocar con ningún obxecto. Non se pode coller o portátil pola pantalla, sempre debe transportarse colléndoo pola base.



5. En horario escolar os portátiles só sairán da aula cando algún mestre o requira e sempre baixo a súa supervisión.
6. Empregar o ordenador nos intercambios de clase, recreo, ou sen a supervisión dun profesor.
7. O alumnado levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo seu profesorado. Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro.
8. O alumnado e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. Deberá informarse á titora ou titor do curso de calquera problema observado no equipo no menor prazo posible.
9. Os alumnos e as familias comprométense a non esquecer o portátil , non destinar o equipamento a ningún outro uso persoal nin profesional, nin cedelo a terceiras persoas.
10. A reiteración de 3 ou máis faltas leves.

As **correccións** para estas faltas de mal uso GRAVES serán as seguintes:

- A conduta do alumnado que incorra neste tipo de faltas será corrixida mediante a notificación á familia, que asinará un acta coa tipificación da falta e as medidas correctoras. Dita acta será incorporada ao expediente do alumno que será sancionado coa retirada do portátil durante unha semana. Nese tempo o alumno realizará as tarefas con material convencional.

FALTAS DE USO MOI GRAVES:

1. Causar estragos no portátil propio ou alleo por mal uso consciente do mesmo.
2. Sacar o portátil da aula durante unha clase sen o permiso do mestre encargado da aula.
3. Acceder ou manipular un portátil que non sexa o propio.
4. Finxir ser outra persoa cando se envían ou reciben mensaxes. A falsificación ou o seu intento.
5. Están prohibidos os intentos de ver, copiar, modificar ou interferir o correo electrónico ou os ficheiros doutros usuarios.
6. Enviar mensaxes de carácter intimidatorio (insultos, ameazas, etc..) a outros alumnos ou profesores. Neste caso, comportará ademais a intervención do Equipo de Convivencia e do Equipo directivo, coas medidas correctoras que se consideren oportunas.
7. Transmitir ou ver imaxes de contido irrespectuoso ou material ilegal.
8. En horario escolar os portátiles só sairán da aula cando algún mestre o requira e sempre baixo a súa supervisión.
9. O alumnado levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo seu profesorado. Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro.
10. O sistema/rede non poderá ser utilizado con propósitos ilegais nin para propósitos non previstos como para xogar a videoxogos.
11. O alumnado e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. Deberá informarse á titora ou titor do curso de calquera problema observado no equipo no menor prazo posible. Modificar a configuración do sistema operativo e violar as restricións que teña o portátil.
12. O ordenador deberá devolverse ao rematar a etapa E-Dixgal, en perfecto estado de funcionamento.
13. Os alumnos comprométense a non esquecer o portátil , non destinar o equipamento a ningún outro uso persoal nin profesional, nin cedelo a terceiras persoas.
14. A reiteración de 3 ou máis faltas graves.



As **correccións** para estas faltas de uso MOI GRAVES serán as seguintes:

- A corrección polo uso moi grave dos portátiles carrexará a perda do dereito á súa utilización por período dun mes. Esta sanción será comunicada ás familias e figurará no expediente do alumno/a.
- No caso de producirse estragos no portátil propio ou alleo, as familias terán que repoñer o material E-Dixgal deteriorado, ou pagar os custos do amaño ou aboamento da cantidade monetaria que cubra o custo de reposición.

O alumnado está obrigado a reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, de forma intencionada ou por negligencia, ás instalacións e aos materiais dos centros docentes, incluídos os equipos informáticos e o software, e aos bens doutros membros da comunidade educativa, ou a facerse cargo do custo económico da súa reparación. Así mesmo, está obrigado a restituír o subtraído ou, se non fose posible, a indemnizar o seu valor. As nais e os pais ou as titoras ou os titores serán responsables civís nos termos previstos pola lexislación vixente. (Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa).

Consideracións Xerais:

A responsabilidade do correcto coidado e do uso do equipo recae nos/as pais/ nais/titores/as legais, respondendo da perda do ordenador, do seu mal uso ou dos danos producidos no equipo (que supoña o dano de calquera elemento do ordenador non contemplado na garantía, como carcasa, teclas, pantalla, bisagras, conectores...). As avarías que poidan producirse debidas a un uso inadecuado e que polo tanto non están cubertas pola garantía do equipo deberán ser subsanadas polos pais/nais /titores legais.

A acumulación de tres faltas dun nivel, catalogarase de inmediato como falta de nivel superior, sendo a sanción da terceira a equivalente ao nivel superior.

Cando o alumno/a se lle retira o portátil, debe deixar o seu pendrive ao mestre para que se lle carguen os arquivos que necesite para seguir as clases durante ese tempo. A familia deberá imprimilos para que o alumno poida seguir as leccións.

Cortar e devolver asinado a titora:

Don/Dona _____

pai/nai/titor ou titora legal do alumno/a _____

estou informado/a da normativa do uso de portátiles E-Dixgal.

Enterado/a alumno/a:

Enterado/a pai/nai/titor, titora legal:

Nome: _____

Nome: _____

DNI: _____